

-Cristina Rollán Salgado, rexistradora de Caldas de Reis, para o rexistro nº 4 de Vigo.

-Marina Rey Suárez, rexistradora de Corcubión, para o rexistro de Viveiro.

-Guillermina Bosch Cabot, rexistradora de Allariz, para o rexistro de Chantada.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2004.

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior
e Administración Local

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 13 de xaneiro de 2004 pola que se dan instrucións para a conmemoración do Día das Letras Galegas nos centros de ensino non universitario.

A institucionalización por parte da Real Academia Galega, a partir de 1963, do día 17 de maio como o Día das Letras Galegas foi, sen dúbida, un acontecemento que, ano tras ano, colleu pulo e resonancia na nosa sociedade, de tal xeito que en toda a Comunidade Autónoma galega se proxecta a figura homenaxeada e serve, ó mesmo tempo, para reflexionar sobre Galicia, sobre a súa lingua e sobre a súa cultura.

A Real Academia Galega tomou como punto de partida para a celebración desta efeméride a publicación, no ano 1863, de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

O Goberno galego declara, a través do Decreto 3/2004, do 8 de xaneiro, o ano 2004 como ano de Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas, eminente etnógrafo galego. Membro do Seminario de Estudos Galegos, dirixiu o Museo Etnográfico de Ourense e foi presidente do Museo do Pobo Galego, ó que lle doou a súa biblioteca. Pertenceu á vella escola do galeguismo culturalista e dedicou boa parte da súa vida á docencia.

Froito de numerosos traballos de campo, deixounos constancia nas súas publicacións dos trazos materiais e sociais da identidade galega que comezaban a desaparecer. Neste sentido, publicou moitos e moi salientables artigos sobre etnografía, arqueoloxía e historia na revista *Nós* e no *Boletín da Real Academia Galega*. De entre as súas obras destaca *Etnografía, Cultura Material*, segundo volume da *Historia de Galicia*.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Durante o mes de maio destacarase, en tódolos centros docentes situados na Comunidade

Autónoma galega, a importancia que ten para Galicia o Día das Letras Galegas.

Segundo.-O profesorado, de acordo coa liña que establece o consello escolar de cada centro, programará as actividades que considere oportunas para un mellor coñecemento do persoeiro ó que se lle dedica esta data.

Terceiro.-En calquera caso, dedicaráselle polo menos unha hora, en cada un dos grupos de cada curso, ó desenvolvemento dunha lección ou conferencia-coloquio, adaptada á idade do alumnado, na que se poña de manifesto a importancia que ten para Galicia a nosa lingua, facendo referencia ó eminente etnógrafo e articulista homenaxeado este ano, Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 25/2004, do 22 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Cabana de Bergantiños, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de recuperación ambiental da marxe esquerda do río Anllóns.

Con data do seis de novembro de dous mil tres, o Concello de Cabana de Bergantiños remite expediente a esta consellería, de solicitude á Xunta de declaración de urxente ocupación para a execución das obras do proxecto denominado «Recuperación ambiental da marxe esquerda do río Anllóns»; no citado expediente constan os acordos plenarios do quince de decembro de mil novecentos noventa e sete, de aprobación do citado proxecto, e do dezaseis de setembro de dous mil tres, de solicitude á Xunta da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa, ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Consta no expediente que con posterioridade á aprobación do proxecto se suspendeu temporalmente o proceso seguido, a consecuencia da interposición por varios afectados do recurso contencioso-administrativo nº 7772/1998 ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictando con data do 22 de novembro de 2002, sentenza a referida sala no sentido de desestimar-lo recurso interposto.

Unha vez que se posibilitou a continuación do expediente, o concello puxo de manifesto as causas que motivaron a urxencia no seu momento, e que